

CARTA AFRICANA DOS DIREITOS HUMANOS E DOS POVOS



Aprovada pola Conferéncia Ministerial da Organización da Unidade Africana (OUA) en Banjul, Gambia, en Xaneiro de 1981, e adoptada pola XVIII Asemblea dos Xefes de Estado e Goberno da Organización da Unidade Africana (OUA) en Nairóbi, Quénia, en 27 de Xullo de 1981.

PREÁMBULO

Os Estados africanos membros da Organización da Unidade Africana, partes na presente Carta que ten o título de "Carta Africana dos Dereitos Humanos e dos Povos",

Lembrando a decisión 115(XVI) da Conferéncia de Xefes de Estado e de Goberno, na súa XVI sesión ordinaria realizada en Monróvia (Libéria) de 17 a 20 de Xullo de 1979, relativa à elaboración de “un anteproxecto de Carta Africana dos Dereitos Humanos e dos Povos, prevendo nomeadamente a institución de órganos de promoción e de protección dos Dereitos Humanos e dos Povos”;

Considerando a Carta da Organización da Unidade Africana, para a cal “a liberdade, a igualdade, a xustiza e a dignidade son obxectivos esenciais para a realización das lexítimas aspiracións dos povos africanos”;

Reafirmando o compromiso que eles solenemente asumiron, no Artigo 2º da dita Carta, de eliminar sob todas as súas formas o

colonialismo da África, de coordinar e de intensificar a súa cooperación e os seus esforzos para ofrecer mellores condicións de existencia aos povos de África, de favorecer a cooperación internacional tendo na devida consideración a Carta das Nacións Unidas e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos;

Tendo en conta as virtudes das súas tradicións históricas e os valores da civilización africana que deven inspirar e caracterizar as súas reflexións sobre a concepción dos dereitos humanos e dos povos;

Recoñecendo que, por un lado, os dereitos fundamentais do ser humano se basean nos atributos da persoa humana, o que xustifica a súa protección internacional, e que, por outro lado, a realidade e o respecto dos dereitos dos povos deven necesariamente garantir os dereitos humanos;

Considerando que o gozo dos dereitos e liberdades implica o cumprimento dos deberes de cada un;

No convencimento de que, para o futuro, é esencial dedicar unha particular atención ao dereito ao desenvolvemento; que os dereitos civís e políticos son indisociábeis dos dereitos económicos, sociais e culturais, tanto na súa concepción como na súa universalidade, e que a satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais garante o gozo dos dereitos civís e políticos;

Conscientes do seu deber de liberar totalmente África cuxos povos continúan a lutar pola súa verdadeira independencia e pola súa dignidade, e comprometendo-se a eliminar o colonialismo, o neocolonialismo, o apartheid, o sionismo, as bases militares estranxeiras de agresión e caisquer outras formas de discriminación, nomeadamente as que se basean na raza, etnia, cor, sexo, lingua, relixión ou opinión política;

Reafirmando a súa adhesión às liberdades e aos dereitos humanos e dos povos contidos nas declaracións, convencións e outros instrumentos adoptados no cadro da Organización da Unidade Africana, dos Movemento dos Países Non–aliñados e da Organización das Nacións Unidas;

Con o firme convencimento de ser o seu deber asegurar a promoción e protección dos dereitos e liberdades humanos e dos povos, tendo en conta a primordial importancia tradicionalmente recoñecida na África a eses dereitos e liberdades;

Acordaran no seguinte:

I PARTE

DOS DIREITOS E DOS DEVERES

Capítulo I

Dos Dereitos humanos e dos povos

Artigo 1º

Os Estados membros da Organización da Unidade Africana, Partes na presente Carta, recoñecen os dereitos, deberes e liberdades enunciados nesta Carta e comprometen-se a adoptar medidas legislativas ou outras para os aplicar.

Artigo 2º

Todas as persoas teñen dereito a gozar dos dereitos e liberdades recoñecidos e garantidos na presente Carta, sen nengunha distinción, nomeadamente de raza, de etnia, de cor, de sexo, de lingua, de relixión, de opinión política ou de calquer outra opinión, de orixe nacional ou social, de fortuna, de nacemento ou de calquer outra situación.

Artigo 3º

1. Todas as persoas son iguais perante a lei.
2. Todas as persoas teñen dereito a igual protección da lei.

Artigo 4º

A persoa humana é inviolábel. Todo ser humano ten dereito ao respecto da súa vida e à integridade física e moral da súa persoa. Ninguén pode ser arbitrariamente privado dese dereito.

Artigo 5º

Todos os individuos teñen dereito ao respecto da dignidade inerente à persoa humana e ao recoñecimento da súa personalidade xurídica. Todas as formas de explotación e de degradación do ser humano, nomeadamente a escravatura, o tráfico de persoas, a tortura física ou moral e as penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes están prohibidos.

Artigo 6º

Todos os individuos teñen dereito à liberdade e à seguranza da súa persoa. Ninguén pode ser privado da súa liberdade salvo por motivos e nas condicións previamente determinados pola lei. En particular, nengunha persoa pode ser presa ou detida arbitrariamente.

Artigo 7º

1. Todas as persoas teñen dereito a que sexa visto o seu caso. Ese dereito comprende:

a) o dereito de recorrer aos tribunais nacionais competentes contra calquer acto que viole os dereitos fundamentais que lle son recoñecidos e garantidos polas convencións, leis, regulamentos e costumes en vigor;

b) o dereito de presunción de inocencia até que a súa culpabilidade sexa recoñecida por un tribunal competente;

c) o dereito de defensa, incluíndo o de ser asistida por un defensor de súa libre escolla;

d) o dereito de ser xulgada nun prazo razoábel por un tribunal imparcial.

2. Ninguén pode ser condenado por unha acción ou omisión que non constituía, no momento en que foi cometida, infracción legalmente puníbel. Nengunha pena pode ser prescrita se non estiver prevista no momento en que a infracción foi cometida. A pena é persoal e pode ser imposta unicamente à persoa infractora.

Artigo 8º

A liberdade de consciencia e profesión e a práctica libre da relixión estarán garantidas. Ninguén que respecte a lei pode ser obxecto de medidas que visen restrinxir a manifestación desas liberdades.

Artigo 9°

1. Todas as persoas teñen dereito à información.
2. Todas as persoas teñen dereito de expresar e de difundir as súas opinións no cadro das leis e dos regulamentos.

Artigo 10°

1. Todas as persoas teñen dereito de constituir, libremente, con outras persoas, asociacións, con a única reserva de se conformar às regras prescritas na lei.
2. Con a única reserva da obrigaçión de solidariedade prevista no Art. 29°, nengua persoa pode ser obrigada a facer parte de unha asociación.

Artigo 11°

Todas as persoas teñen dereito de se reunir libremente con outras persoas. Este dereito está suxeito unicamente às restricións necesarias establecidas por leis e regulamentos, nomeadamente no interese da seguranza nacional ou a seguranza, a saúde, a moral, e os dereitos e liberdades de outras persoas.

Artigo 12°

1. Todas as persoas teñen o dereito de circular libremente e de escoller a súa residencia no interior de un Estado, sempre que actuen de acordo con as regras prescritas na lei.
2. Todas as persoas teñen o dereito de saír de calquer país, in-

cluindo o seu, e de regresar ao seu país. Este dereito só pode ser obxecto de restricións previstas na lei, necesarias à protección da seguranza nacional, da orde, da saúde ou da moralidade públicas.

3. Todas as persoas teñen o dereito, en caso de persecución, de buscar e de obter asilo en territorio estranxeiro, en conformidade con a lei de cada país e as convencións internacionais.

4. As persoas estranxeiras legalmente admitidas no territorio de un Estado Parte na presente Carta poderán ser expulsas unicamente en virtude de unha decisión legal.

5. A expulsión colectiva de persoas estranxeiras está prohibida. A expulsión colectiva é aquela que se dirixe globalmente a grupos nacionais, raciais, étnicos ou relixiosos.

Artigo 13°

1. Todos os cidadáns teñen dereito de participar libremente na dirección dos asuntos públicos do seu país, quer directamente, quer por intermedio de representantes libremente escollidos, iso en conformidade con as regras prescritas na lei.

2. Todos os cidadáns teñen, igualmente, dereito de acceso às funcións públicas do seu país.

3. Todas as persoas teñen o dereito de acceder aos bens e servizos públicos en estrita igualdade perante a lei.

Artigo 14°

O dereito de propiedade está garantido e só poderá ser afec-

tado por necesidade pública ou no interese xeral da colectividade, en conformidade con as disposicións de normas legais apropiadas.

Artigo 15°

Todas as persoas teñen dereito de traballar en condicións equitativas e satisfatorias e de perceber un salario igual por un traballo igual.

Artigo 16°

1. Todas as persoas teñen dereito a gozar do mellor estado de saúde física e mental que for capaz de atinxir.

2. Os Estados Partes na presente Carta comprometen-se a tomar as medidas necesarias para protexer a saúde das súas poboacións e para asegurar-lles asistencia médica en caso de doenza.

Artigo 17°

1. Todas as persoas teñen dereito à educación.

2. Todas as persoas poden tomar parte libremente na vida cultural da comunidade.

3. A promoción e a protección da moral e dos valores tradicionais recoñecidos pola comunidade constituen un deber do Estado no cadro da salvagarda dos dereitos humanos.

Artigo 18°

1. A familia é o elemento natural e a base da sociedade. Ela ten que ser protexida polo Estado, que deve celar pola súa saúde física e moral.

2. O Estado ten a obrigaçión de asistir a familia na súa misión de gardar a moral e dos valores tradicionais recoñecidos pola comunidade.

3. O Estado ten o deber de celar pola eliminación de toda discriminación contra a muller e de asegurar a protección dos dereitos da muller e da crianza tal como estipulados nas declaracións e convencións internacionais.

4. As persoas idosas ou incapacitadas teñen igualmente dereito a medidas específicas de protección que correspondan às súas necesidades físicas ou morais.

Artigo 19°

Todos os povos son iguais, gozan da mesma dignidade e teñen os mesmos dereitos. Nada pode xustificar a dominación de un povo por outro.

Artigo 20°

1. Todos os povos teñen dereito à existencia. Todos os povos teñen dereito imprescritíbel e inalienábel à autodeterminación, a determinar libremente o seu estatuto político e asegurar o seu desenvolvemento económico e social segundo a vía que libremente escolleu.

2. Os povos colonizados ou oprimidos teñen o dereito de se libertar do seu estado de dominación recorrendo a todos os medios recoñecidos pola comunidade internacional.

3. Todos os povos teñen dereito à asistencia dos Estados Partes na presente Carta, na súa liuta de liberación contra a dominación estranxeira, quer sexa esta de orde política, económica ou cultural.

Artigo 21°

1. Os povos disporán libremente das súas riquezas e dos seus recursos naturais. Este dereito exerce-se no interese exclusivo das populacións. En nengun caso o povo pode ser privado deste dereito.

2. En caso de espoliación, o povo espoliado ten dereito à lexítima recuperación dos seus bens, así como a unha indenización adecuada.

3. A libre disposición das riquezas e dos recursos naturais exerce-se sen prexuízo da obrigación de promover unha cooperación económica internacional baseada no respecto mútuo, na troca equitativa e nos principios do dereito internacional.

4. Os Estados Partes na presente Carta comprometen-se, tanto individual como colectivamente, a exercer o dereito de libre disposición das súas riquezas e dos seus recursos naturais con vistas a reforzar a unidade e a solidariedade africanas.

5. Os Estados Partes na presente Carta comprometen-se a eliminar todas as formas de explotación económica e estranxeira, nomeadamente a que é practicada por monopólios internacionais, a fin de permitir que a populación de cada país se beneficie plenamente das vantaxes provenientes dos seus recursos nacionais.

Artigo 22°

1. Todos os povos teñen dereito ao seu desenvolvemento económico, social e cultural, no estricto respecto da súa liberdade e da súa identidade, e ao gozo igual do patrimonio comun da humanidade.

2. Os Estados teñen o deber, separadamente ou en cooperación, de asegurar o exercicio do dereito ao desenvolvemento.

Artigo 23°

1. Os povos teñen dereito à paz e à seguranza, tanto no plano nacional como no plano internacional. O principio da solidariedade e das relacións amistosas implicitamente afirmado na Carta da Organización das Nacións Unidas e reafirmado na Carta da Organización da Unidade Africana debe dirixir as relacións entre os Estados.

2. Con o fin de reforzar a paz, a solidariedade e as relacións amistosas, os Estados Partes na presente Carta comprometen-se a prohibir:

a) que as persos que gozan do dereito de asilo nos termos do artigo 12° da presente Carta emprendan actividades subversivas contra o seu país de orixe ou contra calquer outro Estado Parte na presente Carta;

b) que os seus territorios sexan utilizados como base de partida de actividades subversivas ou terroristas dirixidas contra o povo de calquer outro Estado Parte na presente Carta.

Artigo 24°

Todos os povos teñen dereito a un medio ambiente xeral satisfatório, propicio ao seu desenvolvemento.

Artigo 25°

Os Estados Partes na presente Carta teñen o deber de promover e asegurar, através do ensino, a educación e a difusión, o respeito dos dereitos e das liberdades contidos na presente Carta, e de tomar medidas para que esas liberdades e eses dereitos sexan comprendidos, así como as obrigacións e deberes correspondentes.

Artigo 26°

Os Estados Partes na presente Carta teñen o deber de garantir a independencia dos tribunais e de permitir o establecemento e o aperfeizoamento de institucións nacionais apropiadas encargadas da promoción e da protección dos dereitos e liberdades garantidos pola presente Carta.

Capítulo II

Dos deberes

Os Estados Partes na presente Carta teñen o deber de promover e asegurar, através do ensino, a educación e a difusión, o respeito dos dereitos e das liberdades contidos na presente Carta, e de tomar medidas para que esas liberdades e eses dereitos sexan comprendidos, así como as obrigacións e deberes correspondentes.

Artigo 27°

1. Todos os individuos teñen deberes para con a familia e a sociedade, para con o Estado e outras colectividades legalmente recoñecidas, e para con a comunidade internacional.

2. Os dereitos e as liberdades de cada persoa exercen-se no respecto dos dereitos das outras persoas, da seguranza colectiva, da moral e do interese comun.

Artigo 28°

Todos os individuos teñen o deber de respetar e de considerar os seus semellantes sen nengunha discriminación e de manter con eles relacións que permitan promover, salvaguardar e reforzar o respecto e a tolerancia recíprocos.

Artigo 29°

Todos os individuos teñen tamén o deber

1. De preservar o desenvolvemento harmonioso da familia e de actuar en favor da súa coesión e respecto; de respeitar en todo momento os seus pais, de os alimentar e de os asistir en caso de necesidade.

2. De servir a súa comunidade nacional pondo as súas capacidades físicas e intelectuais ao seu servizo.

3. De non comprometer a seguranza do Estado de que é nacional ou residente.

4. De preservar e reforzar a solidariedade social e nacional, particularmente cando esta estiver ameazada.

5. De preservar e reforzar a independencia nacional e a integridade territorial da pátria e, de maneira xeral, de contribuir para a defensa do seu país, nas condicións fixadas pola lei.

6. De traballar, na medida das súas capacidades e posibilidades, e pagar as contribucións fixadas pola lei para a salvaguarda dos intereses fundamentais da sociedade.

7. De celar, nas súas relacións con a sociedade, pola preservación e reforzo dos valores culturais africanos positivos, nun espírito de tolerancia, de diálogo e de concertación e, de maneira xeral, de contribuir para a promoción da saúde moral da sociedade.

8. De contribuir con as súas mellores capacidades, en todo momento e en todos os niveis, para a promoción e realización da Unidade Africana.

II PARTE

DAS MEDIDAS DE SALVAGUARDA

Capítulo I

Da composición e da organización da Comisión Africana dos Dereitos Humanos e dos Povos

Artigo 30º

Xunto à Organización da Unidade Africana criarás-se unha Comisión Africana dos Dereitos Humanos e dos Povos, dora-vante denominada "a Comisión", encargada de promover os dereitos humanos e dos povos e de asegurar a respectiva protección na África.

Artigo 31º

1. A Comisión estará composta por once membros que deven ser escollidos entre personalidades africanas que gozen da mais alta consideración, coñecidas pola súa alta moralidade, a súa integridade e a súa imparcialidade, e que posúan competencia en materia dos dereitos humanos e dos povos, pondo parti-

cular interese na participación de persoas que teñan experiencia en materia de dereito.

2. Os membros da Comisión exercen funcións a título persoal.

Artigo 32°

A Comisión non pode ter máis de un natural de cada Estado.

Artigo 33°

Os membros da Comisión son eleitos mediante escrutinio secreto pola Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno de unha lista de persoas presentadas para ese efecto polos Estados Partes na presente Carta.

Artigo 34°

Cada Estado Parte na presente Carta pode presentar, no máximo, dous candidatos. Os candidatos deben ter a nacionalidade de un dos Estados Partes na presente Carta. Cando un Estado presenta dous candidatos, un deles non pode ser nacional dese mesmo Estado.

Artigo 35°

1. O Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana convida os Estados Partes na presente Carta a proceder, nun prazo de polo menos catro meses antes das eleccións, à presentación de candidatos à Comisión.

2. O Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana establece a lista alfabética das persoas así presentadas e comunica-a, polo menos un mes antes das eleccións, aos Xefes de Estado e de Goberno.

Artigo 36°

Os membros da Comisións son eleitos para un período de seis anos. Este período é renovável. No entanto, o mandato de catro dos membros eleitos cando da primeira elección cesa ao cabo de dous anos, e o mandato de tres dos outros membros ao cabo de catro anos.

Artigo 37°

Imediatamente despois da primeira elección, os nomes dos membros referidos no artigo 36° son sorteados polo Presidente da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno da OUA.

Artigo 38°

Após a súa elección, os membros da Comisión fan a declaración solene de ben e fielmente exerceren as súas funcións, con toda a imparcialidade.

Artigo 39°

1. En caso de morte ou de demisión de un membro da Comisión, o Presidente da Comisión informa inmediatamente o Secretá-

rio-Xeral da OUA, que declara o lugar vago a partir da data da morte ou da data en que a demisión produz efecto.

2. Se, por opinión unánime dos outros membros da Comisión, un membro cesou de exercer as súas funcións en razón de algunha causa que non sexa unha ausencia de carácter temporáneo, ou se se acha incapacitado de continuar a exercé-las, o Presidente da Comisión informa o Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana que declara entón o lugar vago.

3. En cada un dos casos acima previstos a Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno procede à substitución do membro cuxo lugar se acha vago para a parte do mandato que falta por cumprir, salvo se esa parte é inferior a seis meses.

Artigo 40°

Todos os membros da Comisión conservan o seu mandato até a data de entrada en funcións do seu sucesor.

Artigo 41°

O Secretario-Xeral da OUA designa un secretario da Comisión e fornece aínda o persoal e os medios e servizos necesarios ao exercicio efectivo das funcións atribuídas à Comisión. A OUA cobre os custos dese persoal e dese medios e servizos.

Artigo 42°

1. A Comisión elixe o seu Presidente e o seu Vice-Presidente por un período de dous anos. Este período é renovábel.

2. A Comisión establece o seu regulamento de rexime interno.

3. O quorum é constituído por sete membros.

4. En caso de empate de votos no decurso das votacións, o voto do presidente é preponderante.

5. O Secretario-Xeral da OUA pode asistir às reunións da Comisión, mais non participa nas deliberacións e nas votacións, podendo no entanto ser convidado polo Presidente da Comisión a usar da palabra.

Artigo 43°

Os membros da Comisión, no exercicio das súas funcións gozan dos privilexios e inmunidades diplomáticos previstos pola Convención sobre privilexios e inmunidades da Organización da Unidade Africana.

Artigo 44°

Os emolumentos e prestacións dos membros da Comisión están previstos no orzamento ordinario da Organización da Unidade Africana.

Capítulo II

Das competencias da Comisión

Artigo 45º

A Comisión ten por misión:

1. Promover os dereitos humanos e dos povos e nomeadamente:

a) Reunir documentación, facer estudos e pesquisas sobre problemas africanos no dominio dos dereitos humanos e dos povos, organizar informacións, encoraxar os organismos nacionais e locais que se ocupen dos dereitos humanos e, se necesario, dar pareceres ou facer recomendacións aos gobernos;

b) Formular e elaborar, con vistas a servir de base à adopción de textos legislativos polos gobernos africanos, principios e regras que permitan resolver os problemas xurídicos relativos ao gozo dos dereitos humanos e dos povos e das liberdades fundamentais;

c) Cooperar con as outras institucións africanas ou internacionais que se dedican à promoción e à protección dos dereitos humanos e dos povos;

2. Asegurar a protección dos dereitos humanos e dos povos nas condicións fixadas pola presente Carta.

3. Interpretar calquera disposición da presente Carta a pedido de un Estado Parte, de unha institución da Organización da Unidade Africana ou de unha organización africana recoñecida pola Organización da Unidade Africana.

4. Executar caisquer outras tarefas que lle sexan eventualmente confiadas pola Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno.

Capítulo III

Do procedemento da Comisión

Artigo 46°

A Comisión pode recorrer a calquer método de investigación apropiado; pode, nomeadamente, ouvir o Secretário-Xeral da OUA e calquer persoa que poda esclarecé-la.

I - Das comunicacións dos Estados

Artigo 47°

Se un Estado Parte na presente Carta ten fundadas razóns para crer que outro Estado Parte violou disposicións desta mesma Carta, pode, mediante comunicación escrita, chamar a atención dese Estado sobre a cuestión. Esta comunicación será igualmente enderezada ao Secretário-Xeral da OUA e ao Presidente da Comisión. Nun prazo de tres meses, a contar da recepción da comunicación, o Estado destinatario facultará ao Estado que dirixiu a comunicación explicacións ou declaracións escritas que eluciden a cuestión. Estas, na medida do posíbel, deberán comprender indicacións sobre as leis e os regulamentos procesuais aplicados ou aplicáveis e sobre a reparación xa arbitrada ou a acción prevista.

Artigo 48°

Se nun prazo de tres meses, contados da data da recepción polo

Estado destinatario da comunicación inicial, a cuestión non estiver solucionada de modo satisfactorio para os dous Estados interesados, por via de negociación bilateral ou por calquer outro proceso pacífico, calquer deses Estados ten o dereito de submeter a referida cuestión à Comisión mediante notificación dirixida ao seu Presidente, ao outro Estado interesado e ao Secretário-Xeral da OUA.

Artigo 49°

Non obstante as disposicións do artigo 47°, se un Estado Parte na presente Carta entende que outro Estado Parte violou as disposicións desta mesma Carta, pode recorrer directamente à Comisión mediante comunicación enderezada ao seu Presidente, ao Secretário-Xeral da OUA e ao Estado interesado.

Artigo 50°

A Comisión só pode deliberar sobre unha cuestión que lle foi submetida despois de se ter asegurado de que todos os recursos internos, en caso de existiren, foron esgotados, salvo se for manifesto para a Comisión que o proceso relativo a eses recursos se prolonga de modo anormal.

Artigo 51°

1. A Comisión pode pedir aos Estados Partes interesados que lle proporcionen toda a información pertinente.

2. No momento do exame da cuestión, os Estados Partes in-

teresados poden facer-se representar perante a Comisión e apresentar observacións escritas ou orais.

Artigo 52°

Despois de ter obtido, tanto dos Estados Partes interesados como de outras fontes, todas as informacións que entender necesarias e despois de ter procurado alcanzar, por todos os medios apropiados, unha solución amistosa baseada no respecto dos dereitos humanos e dos povos, a Comisión establece, nun prazo razoável, a partir da notificación referida no artigo 48°, un relatório describindo os feitos e as conclusións a que chegou. Ese relatório é enviado aos Estados interesados e comunicado à Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno.

Artigo 53°

Cando da transmisión do seu relatório, a Comisión pode enviar à Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno a recomendación que xulgar útil.

Artigo 54°

A Comisión submete a cada unha das sesións ordinarias da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno un relatório sobre as súas actividades.

II- Das outras comunicacións

Artigo 55°

1. Antes de cada sesión, o secretario da Comisión establece a lista das comunicacións que non emanan dos Estados Partes na presente Carta e comunica-a aos membros da Comisión, os cais poden querer tomar coñecemento das correspondentes comunicacións e submeté-las à Comisión.

2. A Comisión considerará esas comunicacións se así o decide a maioría simple dos seus membros.

Artigo 56°

As comunicacións referidas no Artigo 55°, recibidas na Comisión e relativas aos dereitos humanos e dos povos, deben necesariamente, para ser examinadas, reunir as condicións seguintes:

1. Indicar a identidade do seu autor, mesmo que este solicite à Comisión que se mantega o anonimato.

2. Ser compatíbeis con a Carta da Organización da Unidade Africana ou con a presente Carta.

3. Non conter termos ultraxantes ou insultuosos para con o Estado impugnado, as súas institucións ou a Organización da Unidade Africana.

4. Non se limitar exclusivamente a reunir noticias difundidas por medios de comunicación.

5. Ser posteriores ao esgotamento dos recursos internos, se

existiren, a menos que sexa manifesto para a Comisión que o proceso relativo a eses recursos se prolonga de modo anormal.

6. Ser introducidas nun prazo razoável, a partir do esgotamento dos recursos internos ou da data marcada pola Comisión para abertura do prazo da admisibilidade perante a propia Comisión.

7. Non se referir a casos que teñan sido resolvidos en conformidade con os principios da Carta das Nacións Unidas, da Carta da Organización da Unidade Africana ou con as disposicións da presente Carta.

Artigo 57°

Con anterioridade a calquer consideración importante todas as comunicacións serán transmitidas polo Presidente da Comisión ao Estado implicado.

Artigo 58°

1. Cando, no seguimento de unha deliberación da Comisión, resulta que unha ou varias comunicacións relatan situacións particulares que parecen revelar a existencia de un conxunto de violacións graves ou masivas dos dereitos humanos e dos povos, a Comisión chama a atención da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno sobre esas situacións.

2. A Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno pode entón solicitar à Comisión que proceda, no relativo a esas si-

tuacións, a un estudo aprofundado e que a informe através de un relatório pormenorizado que inclua as súas conclusións e recomendacións.

3. En caso de urxencia devidamente constatada, a Comisión informa o Presidente da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno, a cal poderá solicitar un estudo aprofundado.

Artigo 59°

1. Todas as medidas tomadas no cadro do presente capítulo manterán-se confidenciais até que a Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno decida outra cousa.

2. No entanto, o relatório é publicado polo Presidente da Comisión após decisión da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno.

3. O relatório de actividades da Comisión é publicado polo seu Presidente após exame da Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno.

Capítulo IV Dos principios aplicáveis

Artigo 60°

A Comisión inspira-se no dereito internacional relativo aos dereitos humanos e dos povos, nomeadamente nas disposicións dos diversos instrumentos africanos relativos aos dereitos humanos e dos povos, nas disposicións da Carta das Nacións Unidas, da Carta da Organización da Unidade Africana, da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, nas disposicións dos outros instrumentos adoptados polas Nacións Unidas e polos países africanos no dominio dos dereitos humanos e dos povos, así como nas disposicións de diversos instrumentos adoptados no seo das axencias especializadas das Nacións Unidas de que son membros as Partes na presente Carta.

Artigo 61°

A Comisión toma tamén en consideración, como medios auxiliares de determinación das regras de dereito, as outras convencións internacionais, quer xerais, quer especiais, que establezan regras expresamente recoñecidas polos Estados membros da Organización da Unidade Africana, as prácticas africanas conformes às normas internacionais relativas aos dereitos humanos e dos povos, os costumes xeralmente aceptados como normas, os principios xerais

de dereito recoñecidos polas nacións africanas, así como a xurisprudencia e a doutrina.

Artigo 62°

Cada Estado compromete-se a presentar, de dous en dous anos, contados a partir da data da entrada en vigor da presente Carta, un relatório sobre as medidas, de orde legislativa ou outra, tomadas con vistas a efectivar os dereitos e as liberdades recoñecidos e garantidos pola presente Carta.

Artigo 63°

1. A presente Carta ficará aberta à assinatura, ratificación ou adhesión dos Estados membros da Organización da Unidade Africana.

2. A presente Carta entrará en vigor tres meses despois da recepción polo Secretario-Xeral dos instrumentos de ratificación ou de adhesión da maioría absoluta dos Estados membros da Organización da Unidade Africana.

III PARTE

DISPOSICIÓN DIVERSAS

Artigo 64°

1. Cando da entrada en vigor da presente Carta, procederá-se à elección dos membros da Comisión nas condicións fixadas polas disposicións dos artigos pertinentes da presente Carta.

2. O Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana convocará a primeira reunión da Comisión na sede da Organización. Despois, a Comisión será convocada polo seu Presidente sempre que necesario e polo menos unha vez por ano.

Artigo 65°

Para cada un dos Estados que ratificar a presente Carta ou que a ela aderir despois da súa entrada en vigor, esta mesma Carta producirá efecto tres meses despois da data do depósito por ese Estado do seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 66°

Protocolos ou acordos particulares poderán completar, en caso de necesidade, as disposicións da presente Carta.

Artigo 67°

O Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana informará os Estados membros da Organización da Unidade Africana do depósito de cada instrumento de ratificación ou adhesión.

Artigo 68°

A presente Carta pode ser emendada ou revista se un Estado Parte enviar, para ese efecto, un pedido escrito ao Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana. A Conferencia dos Xefes de Estado e de Goberno só considerará o proxecto de emenda despois de todos os Estados Partes teren sido devidamente informados e de a Comisión ter dado o seu parecer a pedido do Estado proponente. A emenda debe ser aprobada pola maioría absoluta dos Estados Partes. Ela entra en vigor para cada Estado que a teña aceptado en conformidade con as súas regras constitucionais tres meses despois da notificación desa aceptación ao Secretario-Xeral da Organización da Unidade Africana.



